

Boas tardes a todos e a todas:

Antes de nada e a petición do Concello, decírlles aos sres. e señoras concelleiros que estén tranquilos, a miña intervención de hoxe non será nominativa, pero quero decirlles unha cousa: Cada pau que aguante a súa vela, xa que cada un de vostedes é responsable do que fai e do que deixa de facer tamén; pero non se preocupen que tanto nós coma a cidadanía coñecemos aos responsábeis e non é necesario dicir nomes, para pedir explicacións.

Dito isto, procederei a falar da situación de indefensión que están a vivir os compañeiros e compañeiras das Instalacións Deportivas da Comarca de Ferrolterra.

Despois de teren vostedes o calendario de folga derriba da mesa dende hai 5 meses, despois de 11 días de folga intermitente nos mese de novembro, decembro e xaneiro, e do comezo da folga indefinida dende o día 1 de febreiro, queremos saber:

1º.- Por que non está feito o informe do Concello sobre o pliego de contratación das empresas que xestionan as instalacións deportivas municipais?

2º.- Que fixo o Concello ata o de agora? Cáles foron as respostas a esas actuacións si é que as houbo? Que teñen pensado facer ao respecto?

Porque o de abrir a piscina municipal de Caranza polas tardes, despois de que nos plenos anteriores e na xunta de portavoces se quedara en que as instalacións estarían

pechadas ata a solución deste conflito, non é cumprir a palabra dada.

Queda claro que alguén se volveu a equivocar: Non aprendeu nin á primeira nin á segunda e iso que tivo oportunidades.

O que se pretendía por parte deste concello, era volver a enfrontar aos traballadores en folga coa cidadanía outra vez, pero lles saíu mal; o que conseguiron coa súa actuación foi por de manifesto que éste é un concello clasista, que non de clase, coa súa irresponsabilidade e non vou a engadir calificativos peores, aínda que os penso.

Por un lado temos aos grandes esquecidos a parte de nós: OS USUARIOS. Grazas a vostedes os temos de primeira e de segunda: os que tiñan os seus turnos polas tardes poden acceder, os de pola mañán non, a pesares de que delo depende, ben a súa calidade de vida por enfermidades crónicas ou doenzas doutro tipo, ben por rehabilitación, etc. Quero dicirles que unha cantidade moi importante destes usuarios se está a pagar as sesións de fisioterapia sin rechistar en clínicas privadas ademais de pagar os recibos destas instalacións, e cando vostedes tomaron esta decisión, se esqueceron deles, simplemente porque non escoitan ou non queren escoitar as necesidades da xente.

Tamén temos nenos de primeira clase e de segunda, dende o momento que vostede abre esta piscina, se inician competicións nas que algúns destes nenos non puideron participar debido a que non puideron entrenar.

E como non, OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS: os traballadores do padroado son de primeira clase porque dependen do concello en cambio os compañeiros das instalacións deportivas que dependen de empresas privadas, aínda que desempeñan o seu traballo codo con codo con estes compañeiros nas mesmas instalacións, que nalgúns casos fan o mesmo traballo ca eles por case a metade de salario.

Que saiban vostedes tamén, que na comarca de Ferrolterra houbo represalias: xa temos dous despidos. ¿Cánto máis van a esperar? ¿van a seguir deixando ás empresas que campen ás súas anchas por este concello? Grazas por nada.

Outras dúbidas que se nos plantexaron a raíz desta folga son:

Como é posibel que un clube privado teña as chaves dunha instalación municipal sen que haxa ningún traballador do padroado presente?

Cal é o espazo destinado ao cobro das entradas... por exemplo no pavillón de Esteiro, na porta ou na parte de abaixo das escaleiras que dan ás gradas e único acceso a éstas?

Se se pode acceder gratis a desfrutar dun partido de baloncesto a partires do 3º tempo, por que un día podemos pasar e outro non? Se van cambiando as normas segundo lles convén, dependen da dirección do vento ou de qué dependen?

Por certo, que tal estaba a cea do venres pasado? Nos alegra saber que os nosos concelleiros gozan de bon apetito, non pasan fame e se coidan ben para poder facer ben o seu traballo pero ¿tiñan que celebrar a gala do deporte tendo enriba unha folga indefinida de traballadores de instalacións deportivas a nivel Galego e que dura xa 25 días? Que lles pasou? se lles quedou a despensa valeira ese día, non? Porque si non foi así me parece unha falta de respecto, un insulto e da a impresión de que se están vostedes rindo de:

1º Dos traballadores e traballadoras que non saben durante canto tempo se vai a manter esta folga e non saben como van facer para o mes que ven, nin como van a manter ás súas familias.

2º De toda a cidadanía e sobre todo dos usuarios e usuarias.

Si lles queda un mínimo de vergoña, vaian vostedes pedindo disculpas. Facendo o que teñan que facer XA, e déixense de dar excusas de mal pagador.

Estamos fartos de boas palabras concelleiros, queremos feitos. Así que fagan o favor de comportarse dacordo ao cargo que desempeñan, déixense de merendas e póñanse a traballar que xa vai sendo hora.

Grazas polo seu tempo.

**COMPAÑEIROS, COMPAÑEIRAS A LOITA  
CONTINÚA**

***POR UN CONVENIO DIGNO!!***